



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 09-04-2024

Data final de exposición: 09-05-2024

O Porriño, a de de

PROCESO SELECTIVO, QUE TEN POR OBXECTO A SELECCIÓN DE PERSOAS QUE CONSTITUIRÁN UNHA BOLSA DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS DE ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL DO CONCELLO DO PORRIÑO.

Expte.: 5209/2023

ANUNCIO

RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS OUTORGADAS NO CONCURSO

O tribunal do devandito proceso selectivo resolveu as alegacións presentadas ás puntuacións outorgadas na fase de concurso, segundo se recolle a continuación.

1.- INTERESADA: PEREIRA HERMIDA, TANIA, DNI ***4951**, (R.E. N° 2024-E-RE-1149 de data 22/02/2024):

ALEGACIÓN: A interesada solicita que conforme ás manifestacións que se conteñen na súa alegación, engadir unha puntuación de 2 puntos ao punto 2.2 xa que documentou a superación de 4 exercicios de procesos selectivos.

RESOLUCIÓN: A base 7ª das Bases que rexen o proceso selectivo establecen o seguinte:

2.2.- Superación de exercicios de probas selectivas: A puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

Por cada exercicio superado en probas selectivas de acceso a prazas de enxeñeiro técnico industrial de calquera administración pública, como funcionario de carreira (Subgrupo A2) ou persoal laboral fixo (Grupo II) ou superior grupo de titulación na especialidade de enxeñería industrial en calquera das súas especialidades: 0,50 puntos por cada exercicio superado, ata un máximo 2 puntos.

Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo e de conformidade coa transcrita Base 7ª, apartado 2.2, resulta que a interesada acreditou cun certificado do concello de Vigo, asinado con data 11/10/2023, a superación dos seguintes exercicios:

-Primeiro, segundo e terceiro exercicio do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos de Enxeñeiro/a técnico, enmarcada no grupo A, subgrupo A2, cuxas bases e convocatoria se aprobaron por acordo da Xunta de Goberno Local de 04/05/2017 e se publicaron no BOP de Pontevedra nº 98 o 24/05/2017.

-Primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas de Enxeñeiro/a técnico/a industrial, enmarcada no grupo A, subgrupo A2, escala de Administración especial, pola quenda libre, correspondente á Oferta de Emprego Público 2017 – 2018 – 2019 (2ª fase), cuxas bases e convocatoria se aprobaron por acordo da Xunta de Goberno Local de 05/11/2020.

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

unanimidade, **ACORDA estimar en parte** a alegación presentada por **PEREIRA HERMIDA, TANIA**, e consecuencia:

-Valorar con 0,50 puntos a superación do Primeiro exercicio do proceso selectivo convocado polo Concello de Vigo, para a provisión en propiedade de dúas prazas de Enxeñeiro/a técnico/a industrial, enmarcada no grupo A, subgrupo A2, escala de Administración especial, pola quenda libre, correspondente á Oferta de Emprego Público 2017 – 2018 – 2019 (2ª fase), cuxas bases e convocatoria se aprobaron por acordo da Xunta de Goberno Local de 05/11/2020.

-Non valorar a superación do primeiro, segundo e terceiro exercicio do proceso selectivo convocado polo Concello de Vigo, para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos de Enxeñeiro/a técnico, toda vez non se trata de probas selectivas de acceso a prazas de enxeñeiro técnico industrial de calquera administración pública, **como funcionario de carreira (Subgrupo A2) ou persoal laboral fixo (Grupo II)**.

2.- INTERESADA: PEREIRA HERMIDA, TANIA, DNI *4951**, (R.E. N° 2024-E-RE-1188 de data 23/02/2024) e (R.E. N° 2024-E-RE-1189 de data 23/02/2024):**

ALEGACIÓN: A interesada solicita que conforme ás manifestacións que se conteñen na súa alegación, engadir os servizos prestados que constan na alegación 2 así como sumar os méritos profesionais que faltan.

RESOLUCIÓN: A base 4ª e 7ª das Bases que rexen o proceso selectivo establecen o seguinte:

Base 4ª:

Xunto coa solicitude se achegará:

...

-Fotocopia dos documentos acreditativos dos méritos que posúan dos comprendidos na base 7ª.

Base 7ª:

O concurso consistirá na valoración dos méritos aportados coas instancias e debidamente acreditados polos/as aspirantes admitidos/as, segundo o baremo que determina a continuación:

...

Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, resulta que a interesada:

-Non aportou xunto coa solicitude a documentación que determina a base 7ª para acreditar a experiencia na Universidade de Vigo, aporta agora xunto coa alegación, de forma extemporánea, documentación relativa ao nomeamento de bolseiro/a de investigación da Universidade de Vigo, documentación que debeu ser presentada coa solicitude de participación no proceso selectivo, para ser analizada polo Tribunal da procedencia ou non da súa valoración.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

-Non aportou xunto coa solicitude a documentación que determina a base 7ª para acreditar a experiencia coa Fundación ENERGYLAG relativa ao período 20/03/2017 ao 19/09/2017, aporta agora xunto coa alegación, de forma extemporánea, o contrato coa Fundación ENERGYLAB de data inicio 20/03/2017, unha nómina e notificación fin contrato con data 19/09/2017, documentación que debeu ser presentada coa solicitude de participación no proceso selectivo, para ser analizada polo Tribunal da procedencia ou non da súa valoración.

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Desestimar a alegación presentada por **TANIA PEREIRA HERMIDA**.

3.- INTERESADO: MARCIAL GONZÁLEZ PILLADO, DNI , *6383** (R.E. N° 2024-E-RE-1198 de data 23/02/2024):**

ALEGACIÓN: O interesado manifesta a súa disconformidade co resultado da valoración de méritos e solicita se teñan en conta as alegacións que fai.

Revisada a documentación aportada xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, e tendo en conta as Bases que rexen o proceso selectivo, resulta que:

Respecto ao punto 1º da súa alegación:

A lista provisional e a lista definitiva de admitidos e excluídos foron publicadas conforme determinan as Bases do proceso selectivo, sen que contra as mesmas se interpuxera recurso algún.

O Tribunal cinguese ao establecido nas bases da convocatoria, aplicándoas nos seus estritos termos, as cales determinan que o concurso consistirá na valoración dos méritos aportados coas instancias e debidamente acreditados polos/as aspirantes admitidos/as.

Respecto ao punto 2º da súa alegación:

Primeiro.-O interesado acreditou estar en situación de alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, na actividade “7112 Servizos técnicos de enxeñaría” **no período entre 01-12-2003 e 10-10-2023**, durante un total de 7254 días, valorándose este período e acadando a puntuación máxima de 6 puntos, de conformidade co apartado 1.2. da Base 7ª da Bases do proceso selectivo.

Segundo.-A certificación expedida con data 13/10/2023 polo Concello de Redondela é relativa á prestación do servizo de asesoramento e asistencia técnica en materia de enxeñaría industrial, con efectos de inicio da prestación do servizo dende o día 15-06-2021, prorrogándose o contrato polo período dun ano con efectos dende o día 15-06-2023. Trátase dunha contratación suxeita á Lei de contratos do sector público e como o **solicitante nesos períodos está de alta como autónomo**, valoróuselle a experiencia de conformidade coa Base 7ª apartado 1.2.

Terceiro.-Sobre a solicitude dirixida ao Concello do Porriño, nº rexistro 2023-E-RE-6061 de data 11/10/2023 na que expón: “*que tras obtener la adjudicación de la prestación de servicios de*

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

colaboración técnica para a emisión de informes en diversas materias urbanísticas al Concello de O Porriño (BOPO nº122 – 26/06/2018), según EXPEDIENTE 27/17, realizo dicho servicio como INGENIERO TÉCNICO INDUSTRIAL, desde el 08/06/2018 al 08/06/2021. En relación al ANUNCIO da convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Emprego para prestar servizos como ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL do concello de O Porriño (BOPO nº190 - 02/10/2023) e solicita: “En base a la constitución de la Bolsa de Empleo referenciada, solicita el que suscribe, una “certificación expedida polo concello de O Porriño, na que deberá constar o período de desempeño (años, meses e días de servicio), a porcentaxe da xornada realizada, e o posto ou categoría profesional”, resulta que:

-Con data 19/10/2023 expediuse polo Concello do Porriño certificación relativa á:

Adjudicación por Decreto da prestación do servizo de colaboración técnica para a emisión de informes en diversas materias urbanísticas ao Concello do Porriño formalizándose o correspondente contrato administrativo con data 22/08/2013 prorrogándose ata o máximo de 3 anos.

Adjudicación por acordo da Xunta de Goberno Local da prestación dos servizos de colaboración técnica para a emisión de informes en diversas materias urbanísticas polo prazo de dous anos con posibilidade dunha prórroga, formalizándose o correspondente contrato administrativo con data 08/06/2018, prorrogándose polo prazo de 1 anos.

-Con data 23/10/2023 o Concello do Porriño comunica ao solicitante como proceder para o pago da taxa do certificado solicitado, sen que o efectuara ata que con data 20/02/2024 publicouse o resultado da valoración dos méritos do proceso selectivo, momento no que efectuou a transferencia pola taxa de expedición de dito certificado, que aporta agora de forma extemporánea xunto coa alegación.

De tódolos xeitos os períodos a que se recollen na certificación expedida polo Concello do Porriño, refírense a **contratacións administrativas**, estando o interesado **nesas datas en situación de alta como autónomo** polo que se lle valorou a experiencia de conformidade coa Base 7ª apartado 1.2., acadando a puntuación máxima de 6 puntos.

Cuarto.-Coas certificacións do Concello de Redondela e do Concello do Porriño, non se acredita a experiencia profesional na Administración Pública tal como determina a Base 7ª, mediante certificación “na que deberá constar o período de desempeño de servizos prestados (años, meses e días de servicio), a porcentaxe da xornada realizada, e o posto ou categoría profesional”, toda vez as Bases determinan que “No caso de que os servizos haxan sido prestados a tempo parcial, a puntuación que corresponda se reducirá na parte proporcional correspondente á xornada de traballo efectivamente realizada”. O alegante non acreditou ter unha relación laboral ou funcional nin co Concello de Redondela nin co Concello do Porriño polo tanto non se pode valorar a experiencia tal como pretende conforme ao apartado 1.1. da referida Base.

De conformidade co exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA**: Desestimar a alegación presentada por **MARCIAL GONZÁLEZ PILLADO**.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





Concello do Porriño

Polo exposto, e en virtude dos acordos anteriores as puntuacións definitivas da fase de concurso son as seguintes:

PROCESO SELECCIÓN BOLSA ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL										
Nº DE ORDEN	APELIDOS E NOME	DNI	1.- Experiencia profesional máximo 12 puntos		TOTAL EXPERIENCIA	2.- Coñecementos, cursos de formación e formación académica			TOTAL COÑECEMENTOS, CURSOS DE FORMACIÓN E FORMACIÓN ACADÉMICA	PUNTUACIÓN FINAL
			Admón. Pública 0,25 x mes máximo 6 puntos	Empresa privada 0,20 x mes máximo 6 puntos		2.1 Cursos de formación máximo 3 puntos	2.2 Superación exercicios de probas selectivas 0,50 x cada exercicio superado, máximo 2 puntos	2.3 Titulacións, á marxe da esixida, directamente relacionadas co posto de traballo de nivel superior ao esixido, máximo 2 puntos		
1	CAMINO LOUREIRO, CRISTINA	***8286**	5,00	6,00	11,00	3,00	1,00	2,00	6,00	17,00
2	BANGUESES FERNANDEZ, YAGO	***7994**	2,00	6,00	8,00	3,00		2,00	5,00	13,00
3	BLANCO PENAS, ALBERTO	***9514**	3,25	6,00	9,25	2,50			2,50	11,75
4	PEREIRA HERMIDA, TANIA	***4951**	4,50	1,60	6,10	3,00	0,50	2,00	5,50	11,60
5	GONZALEZ PILLADO, MARCIAL	***6383**	0,00	6,00	6,00	2,50		2,00	4,50	10,50
6	SIO AMORIN, MIGUEL ANGEL	***8015**		6,00	6,00	2,00		2,00	4,00	10,00
7	ROMERO FERVENZA, JOSE RODRIGO	***1101**		6,00	6,00	2,50	0,50		3,00	9,00
8	DOMINGUEZ CALVAR, EMILIO JOSE	***0631**		6,00	6,00	2,60			2,60	8,60
9	LORENZO LISTA, CARLOS	***9846**	0,00	6,00	6,00	1,90			1,90	7,90
10	ALVAREZ PAZOS, MARIA LUCIA	***2673**		6,00	6,00	1,80			1,80	7,80
11	RODRIGUEZ SEOANE, PEDRO JOSE	***6283**			0,00	2,70		2,00	4,70	4,70
12	ALVAREZ SEBASTIAN, MARTIN	***3031**			0,00	0,50		2,00	2,50	2,50
13	RICOY IGLESIAS, ANTIA	***3346**			0,00	1,80			1,80	1,80
14	PEREZ IGLESIAS, RUBEN	***4020**			0,00	1,50			1,50	1,50
15	GARRIDO PINTOS, ALBERTO	***1874**			0,00	1,30			1,30	1,30
16	VERNET SOLLA, ARACELI	***5699**			0,00	1,00			1,00	1,00
17	MIGUENS SUAREZ, BORJA MIGUEL	***8060**			0,00	1,00			1,00	1,00

De conformidade co acordado polo Tribunal publícanse os anteriores acordos no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporriño.org.

**O Porriño, data segundo sinatura electrónica
O Secretario do Tribunal, Eduardo Fernández Portela**

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

